



POR OUTRA SAÍDA DA CRISE

As organizacións e entidades que conformamos a ALIANZA SOCIAL GALEGA buscamos unha resposta colectiva ás nefastas políticas antisociais que impoñen os Gobernos de Galicia e o Estado español coa cortada da crise e do pagamento dunha débeda pública ilexítima, seguindo os ditados da Unión Europea, do Fondo Monetario Internacional, do Banco Central Europeo e da patronal neoliberal. Por iso hoxe volvemos denunciar os novos recortes impostos polo Partido Popular que só conseguen aumentar aínda máis o paro, a emigración, os desafiuzamentos, o empobrecemento e a exclusión social de máis galegos e galegas.

En Galicia xa superamos as 271.500 persoas paradas que queren traballar e non atopan emprego; case o 45 % carecen de cobertura de ningún tipo; 77.164 persoas entre 25 a 34 anos abandonaron Galicia nos últimos anos (unha media de 30 persoas por día). Á destrución dos sectores produtivos básicos (agrario, pesqueiro, etc.) e do sector industrial (con especial gravidade no naval) e a desertización do medio rural, engádese o desmantelamento do sector financeiro galego.

A resposta do Goberno da Xunta é un orzamento para 2014 que non contén medida ningunha para reactivar a actividade económica e, canda ela, o emprego; un orzamento que recorta os recursos para as políticas de emprego en case un 10 %; que renuncia ao investimento público como motor da actividade económica e pulo dos nosos sectores produtivos; que diminúe os orzamentos en políticas de sanidade, educación, servizos sociais e tamén os destinados aos gastos do persoal que traballa nestes ámbitos, afondando na deterioración dos servizos públicos.

Ás duras medidas que o Goberno de Mariano Rajoy e de Feijóo pretenden impoñer cada día con novos e constantes recortes nas pensións, no ensino, na sanidade, e na cooperación ao desenvolvemento, súmanse as reformas normativas que nos fan retroceder varias décadas nas liberdades públicas e dereitos sociais, criminalizando a resposta social fronte á crise e as súas extremas consecuencias sociais.

A reforma laboral aperta un pouco máis as caravillas para escravizar o emprego e as condicións de traballo: co novo paquete de medidas flexibilizan e desregulan o contrato a tempo parcial (convértese nun contrato de libre disposición do tempo de traballo por parte do empresario, limitando o papel dos convenios colectivos no referente ás horas complementarias e abaratando o seu custo coa rebaixa da cotización para a continxencia de desemprego nos contratos de duración determinada), amplían a utilización do contrato de apoio a emprendedores para xornada parcial e legalizan que as ETT formalicen contratos de traballo en prácticas ou accedan a outras modalidades de contratación, como xa se fixo cos contratos de formación e aprendizaxe.

O anteproxecto de lei de mutuas outorga ás asociacións empresariais maiores competencias para a concesión, xestión e extinción de prestacións do sistema da seguridade social e despraza o



sistema público na decisión sobre a enfermidade común. É un paso máis na privatizacións do sistema sanitario público.

Porfían na redución do salario a calquera prezo —chamada oficialmente «moderación salarial»—, no intento dar cabo da negociación colectiva, garante e ferramenta fundamental para a mellora dos salarios. Pero isto non lles abonda, así que non dubidan en empobrecer aínda máis a cidadanía conxelando o SMI (que afecta ás bases mínimas de cotizacións e, polo tanto, ás pensións e ás persoas que perciben ese salario) pero tamén o IPREM, que é a referencia para a concesión de bolsas, determinadas axudas públicas ou o subsidio de desemprego. Ao tempo, sóbese a tarifa eléctrica só para o trimestre próximo, polo que asistiremos a novos incrementos ao longo do ano. Estas dúas medidas prexudicarán sobre todo as persoas máis vulnerables.

OUTRO RECORTE ÁS PENSIONS

Non satisfeito co recorte aplicado ás pensións no 2012, en chegando ao Goberno o PP aproba unha reforma á medida da banca e das aseguradoras. Xa non se asegura o IPC nas pensións actuais: nunha pensión mensual de 1.000 euros pérdense 95 euros ao mes, 1.330 euros ao ano. Manipulan os datos sobre a esperanza de vida co obxectivo de ir reducindo ata un 20% as pensións. En Galicia, esta reforma empobrece máis o noso pobo porque temos os salarios máis baixos.

RETROCESOS NO ENSINO PÚBLICO GALEGO

O Goberno prosegue coa destrución do sistema educativo público. A nova reforma educativa (LOMCE) combate os principios de comprensión, equidade e calidade mediante a estratexia de abandonar á súa sorte a educación pública. Potencia o sector do ensino privado e o privado concertado, especialmente o segregador e elitista, ao tempo que converte o sistema educativo nunha carreira de obstáculos insuperables para quen ten máis dificultades de aprendizaxe e menos recursos económicos.

O texto final da LOMCE afonda nunha reforma educativa ideolóxica, clasista, recentralizadora e ao servizo dos mercados: liquida a xestión democrática dos centros; desconfía do profesorado ao impor reválidas para conseguir o título de ESO e bacharelato; desbota a educación en valores cívicos e democráticos; é contrario ao ensino laico e reforza o papel da materia de relixión no currículo; está imbuído de afán privatizador e mesmo subvencionador de centros que segregan alumnado por razón de sexo; desprestixia a formación profesional ao configurala como o itinerario para os menos capaces; e amosa un desprezo total polo galego e pola conformación plurinacional, plurilingüística e pluricultural do Estado.



O rexeitamento de aspectos como a igualdade de oportunidades, a atención á diversidade e individualizada, o incremento do alumnado por aula e das horas lectivas do profesorado (asignándolle tarefas impropias como a vixilancia do alumnado transportado nos recintos escolares) carrearán o empeoramento da calidade do ensino e o abandono e fracaso escolar.

Os decretos de bolsas e axudas ao estudo e o decreto de comedores evidencian ese afán dos gobernos central e autonómico por destruír os servizos públicos, facendo recaer nas clases máis desfavorecidas os efectos da crise.

A reforma da Universidade que se formula vai na liña de afogar as universidades públicas e o fomento das privadas; empeoran notablemente as condicións laborais do persoal das universidades, ademais de imposibilitar que accedan a ela as clases menos favorecidas co aumento de taxas e a diminución de bolsas.

AGRESIÓNS Á SANIDADE PÚBLICA

O principal perigo que corre a sanidade pública galega é a súa total privatización. Ese camiño emprendido polo PP na Xunta de Galicia e mais polo Goberno central vaise materializando nas medidas adoptadas, como o repagamento dos medicamentos prescritos polo persoal facultativo. A introdución de copagamentos converte o sistema público de saúde nun instrumento de discriminación, que dificulta o acceso da poboación e pon en risco a saúde das persoas máis enfermas e con menos recursos. O incremento de camas pechadas (principalmente no verán pero cada vez durante máis tempo) ou a non utilización en toda a súa capacidade de quirófanos, radioloxía ou consultas, paralizan a actividade co consecuente incremento das listaxes de espera.

A deterioración da sanidade pública tamén se vai facendo cada vez máis evidente por culpa da falta de persoal, ao se aplicar unha taxa de reposición do 10 % de efectivos que, advirten, axiña fará imposible prestar unha atención sanitaria de calidade. Actúase deste xeito para favorecer a sanidade privada, de aí o incremento de concertos para derivar doentes que non poidan recibir atención no sistema público por falta de persoal. Así, uns poucos fan negocio a cargo dos fondos públicos, cando está máis que demostrado que os servizos xestionados directamente polo Sergas son máis eficientes e eficaces.

Xunto a isto, asistimos ao decreto de xestión clínica, que introduce unha maior flexibilidade e desregulación das condicións laborais e abre as portas ás privatizacións, e pretenden que sexan os profesionais os que executen os recortes mediante os orzamentos pechados.



SUPRESIÓN DO DEREITO Á ASISTENCIA SANITARIA PÚBLICA Á MOCIDADE

A aplicación do Real decreto lei 16/2012 deixa sen dereito á asistencia sanitaria pública os mozos e mozas maiores de 26 anos que non cotizasen á seguridade social por estaren en paro crónico. Tamén se pretende que perda este dereito quen emigre ao estranxeiro en busca de traballo máis de tres meses, que é fundamentalmente a xuventude que soporta un paro de máis do 56 %.

PARALIZACIÓN E MARCHA ATRÁS NA APLICACIÓN DA LEI DE DEPENDENCIA

O Goberno central non achegará un só euro este ano para a Dependencia, e a Xunta está revisando e anulando a concesión de axudas xa recoñecidas a persoas con discapacidade, coa única finalidade de recortar gasto (Galicia ten a maior lista de espera do Estado na dependencia). Reduciuse, tamén, nun 49 % o salario das persoas coidadoras e suprimiuse a cotización da seguridade social.

PRIVATIZACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS

A posta en marcha da Lei de racionalización e sostibilidade da Administración local —outra proba do descaro polas obsesivas políticas neoliberais do PP— reforzará o centralismo e derivará na privatización dos servizos públicos máis próximos á cidadanía (maiores, discapacitados, excluídos sociais, etc.) ata a súa práctica desaparición, causando a destrución de milleiros de postos de traballo e un retroceso e perda da calidade de vida.

O ATAQUE AOS DEREITOS SEXUAIS E REPRODUTIVOS DAS MULLERES

O Anteproxecto de lei orgánica de protección da vida do concibido e os dereitos da muller embarazada, aprobado polo Consello de Ministros, é un dos retrocesos máis graves dos últimos trinta anos, un ataque ao recoñecemento dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres.

Da actual lei de prazos, que permite ás mulleres decidir sobre a súa maternidade, pasamos a unha lei de supostos, limitada a dous: só poderán interromper o embarazo (nas doce primeiras semanas) as mulleres que demostren que sufriron unha violación e ata as 22 primeiras semanas as que acrediten mediante informe de dous médicos ou médicas (que non poderán traballar no centro onde se practique o aborto) que está en perigo a súa saúde física ou psicolóxica, polo que dependerán da arbitrariedade do persoal facultativo e das propias xuízas ou xuíces. Se o perigo ten a súa orixe en anomalías incompatibles coa vida do feto, o informe sobre a nai terá que estar asinado por un médico ou médica e, ademais, cumprirá outro sobre a patoloxía do feto (de acordo co Comité de Bioética do Estado Español); eliminan o suposto das anomalías fetais vixente



na lei actual. As mulleres menores de idade deberán contar co consentimento paterno ou materno para interromper o embarazo (só no caso dos dous supostos anteriores) e a partir da semana 22 obrigarán a que se lles practique un parto inducido.

En democracia, ninguén pode obrigar unha muller a parir ou a ser nai contra a súa vontade. A responsabilidade do Goberno é garantir os dereitos da cidadanía, tanto os civís coma os culturais, os sexuais e os reprodutivos, non restrinxilos.

REIVINDICACIÓNS DO COLECTIVO DAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES AUTÓNOMOS

No período 2009-2013, perderon o emprego 11.124 persoas traballadoras autónomas en Galicia, colectivo que representan o 21,31 % da nosa poboación ocupada; deles, máis do 80 % son traballadores individuais que cada vez teñen máis problemas de financiamento e os mesmos atrancos para sobreviviren que os traballadores por conta allea.

Outras reivindicacións fundamentais que o colectivo vén demandando reiteradamente non só apoian a quen inicia a súa actividade, senón que pretenden axudar a consolidar a quen xa está establecido para que non peche: o acceso ao financiamento e o crédito, habilitando liñas específicas; unha baixada selectiva de impostos; un sistema de cotización proporcional en función dos ingresos reais.

IMPLÁNTASE UN ESTADO POLICIAL COA REFORMA DA LEI DE SEGURIDADE CIDADÁ E DO CÓDIGO PENAL

A nova Lei de seguridade cidadá e a reforma do Código penal evidencian os nulos principios democráticos polos que se rexe o PP e os intereses de clase aos que serven. Mentres actúa con dureza contra os movementos sociais e a clase traballadora, mantén unha actitude moi permisiva con respecto aos delitos económicos que cometen as súas amizades, o capital financeiro e eles mesmos.

Estas reformas normativas buscan reprimir a contestación social. O PP, a través das reformas laborais e sociais e das súas políticas económicas, está recortando dereitos e precarizando as condicións de traballo e a calidade de vida das persoas. Á contestación social por esas políticas respóndese con reformas para impedir as manifestacións públicas que as cuestionan.

Tipifican como delitos accións e mobilizacións que ata o de agora non tiñan esa consideración e, ante o temor de que a xustiza non actúe con dureza sobre as persoas que protagonizan eses feitos, reforman tamén a Lei de seguridade cidadá porque así é directamente o Goberno o que impón ese castigo. O Goberno vai actuar con total discrecionalidade e arbitrariedade.



Con esta reforma represiva camíñase cara a un Estado policial coa intención de impedir á cidadanía o exercicio de dereitos fundamentais como o de reunión, de manifestación e mesmo de expresión.

REFORMA DA LEI HIPOTECARIA

Máis de nove mil familias foron desafiuzadas en Galicia desde que comezou a crise. Persoas dos colectivos sociais máis afectados pola situación perden a súa vivenda e, na maior parte dos casos, ven embargadas as nóminas, ingresos ou propiedades ao seu nome. Son familias e persoas condenadas á exclusión social polos abusos das entidades financeiras e por un Goberno cómplice.

Esta situación só pode cambiar cunha modificación da Lei hipotecaria e da Lei de axuízamento civil, para regular a dación en pagamento retroactiva, paralizar os desafiuzamentos e promover o alugamento social. Fronte a esta necesidade, o Goberno aproba un decreto insuficiente que non contén solucións estruturais e exonera as entidades financeiras das súas responsabilidades na inadecuada xestión dos préstamos.

Urxen medidas transitorias integrais, mentres non se modifique a lexislación en materia de execución hipotecaria, como a suspensión temporal dos procesos de execución.

DESERTIZACIÓN DO RURAL E DESTRUCCIÓN DO MEDIO

As políticas neoliberais pretenden a desertización do rural galego mediante a eliminación dos servizos e dereitos das poboacións rurais (supresión de escolas e de infraestruturas sanitarias, copagamentos, eliminación das políticas de dependencia...).

O medio ambiente ten a consideración de moeda de cambio en beneficio do gran capital que permite destruír enclaves de gran valor a cambio de pagar melloras ambientais noutros lugares; ou trátase como un aspecto residual nas diversas lexislacións que afectan ao rural (lei do solo, de industria, plan de minaría e do litoral, Rede Natura...). Privatízase a xestión dos montes veciñais en beneficio das empresas privadas; promóvese a implantación de monocultivos forestais de crecemento rápido, cultivos enerxéticos, megaminaría e a instalación de industrias de enclave.

O rural concíbese como lugar de gozo das elites sociais (campos de golf, coutos de caza maior, zonas residenciais, centros comerciais...) e aplícase unha política agraria común (PAC) que destrúe as economías familiares en beneficio das multinacionais.

Todas estas accións dan como resultado que Galicia fiquese cada vez máis vulnerable e dependente, impedida de dispor dunha política agraria de seu, feita en función das súas necesidades



DESMANTELAMENTO DA POLÍTICA PÚBLICA DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

Dende 2009, a Xunta de Galicia recortou un 64 % o orzamento dedicado á cooperación ao desenvolvemento. O desmantelamento da política pública de cooperación ao desenvolvemento en Galicia e no resto do Estado vai da man dun meirande desequilibrio na repartición dos recursos e a riqueza no mundo (85 persoas acumulan a mesma riqueza que 3.500 millóns de seres humanos, segundo o último informe de Intermon Oxfam).

INTEGRANTES: A Mesa pola Normalización Lingüística; Altermundo; Asemblea de Cooperación pola Paz; Asociación Fuco Buxán; Asociación Galega de Historiadores; Asociación Galega de Mariscadoras/es; Asociación Monte Pindo Parque Natural; Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA); Asociación Sociocultural Namentras; Asociación Sociopedagóxica Galega; Confederación Intersindical Galega (CIG); COGAVE; Colectivo Encontro Benestar Social; Colexio de Educadores/as Sociais de Galicia; Comisión pola recuperación da memoria histórica da Coruña; Comités Abertos de Facultade; CONFAPA Galicia; Confraría Pescadores Pobo do Caramiñal; Coordinadora Galega de ONG; Escola Viva; Fed. ANPAS Compostela; Federación de Asociacións Culturais Galiza Cultura; Federación de Asociacións de Mulleres Rurais; Federación de Profesionais e Autónomos/as de Galicia; Federación Galega do Medio Ambiente; Federación Galega de Bandas de Música Populares; Federación Provincial APAS Lugo; Federación Rural Galega; Fundación 10 de Marzo; Fundación Castela; Fundación Defensa dos Consumidores; Fundación Estudo e Divulgación da Cuestión Social e Sindical na Galiza; Fundación Galicia Sempre; Fundación Luís Tilve; Fundación Paz e Solidariedade; Iniciativa Estudantil Galega; Iniciativa Galega Pola Memoria; Instituto de Cooperación ao Desenvolvemento de Galicia ISCOD; Instituto Galego da Historia; Liga Estudantil Galega; Mesa Galega de Educación no Rural; Movemento polos Dereitos Cívís; Nova Escola Galega; Plataforma en Defensa do Ensino Público; Plataforma en Defensa do Sistema Público Galego de Servizos Sociais; Plataforma Galega Defensa do Ensino Público; Plataforma polo Emprego; Plataforma Queremos Galego; S. N. de CCOO de Galicia; Seminario Galego de Educación para a Paz; Sindicato de Estudantes; Sindicato de Xornalistas; Sindicato Labrego Galego; Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza; SOS Sanidade Pública; UGT-Galicia; Unión de Autónomos de Transporte por Carretera y Mar; Unión de Profesionais e Traballadores Autónomos; Unións Agrarias; USTG; Xustiza e Sociedade